

GRANDES COROS DE ÓPERA

O vindeiro venres **13 de marzo** ás 20:30 horas inicia en Culleredo, na antiga Universidade Laboral, a Xira 2009 da Orquestra Sinfónica de Melide co espectáculo **“GRANDES COROS DE ÓPERA”**, dirixido por Fernando V. Arias e a participación de 180 músicos e moralistas en Escena, das Corais Polifónicas “El Eco” da Coruña e a Coral “Liceu Casino” de Vilagarcía.

O espectáculo trátase dunha fusión Sinfónico Coral e pretende ser unha homenaxe á música Coral.

Interpretarán obras de Bellini, Verdi, Donizetti, Borodin, etc.

Dende fai varios anos, Fernando Vázquez Arias tiña en mente de facer unha gran aposta de colaboración con dous dos coros máis relevantes do panorama musical galego, a Coral Polifónica o “Eco” de A Coruña, e a Coral Liceu Casino de Vilagarcía; estes dous coros foron e son dous importantes colaboradores do mestre Fernando V. Arias. O “Eco” por ser onde comenza a súa carreira como director, e o Liceu Casino por os moitos concertos interpretados dentro e fora de Galicia coa inestimable e sempre vo facer da súa directora Margarita Guerra.

Era un deber dedicarles esta xira de concertos, patrocinados pola Deputación de A Coruña, como os verdadeiros protagonistas destas catro galas en catro concellos da provincia de A Coruña levando un programa moi atractivo, Coros de Ópera, que se fixeron famosos o longo do tempo interpretados por grandes orquestras e coros das máis prestixiosas salas internacionais.

En Galicia o coro que máis tempo dedicou a este xénero sen dúbida algunha foi a Coral Polifónica o “Eco” con unha gran traxectoria de 127 anos, ininterrompidos, cantando todo tipo de música, pero especialmente destaca a dedicación á Ópera e á Zarzuela donde verdadeiramente encontran un oco dentro do panorama musical galego interpretando o longo da súa dilatada historia musical máis de 40 óperas e outras tantas zarzuelas; con todo este bagaxe e apoiado por grandes equipos directivos e directores chega ata os nosos días como un coro en plenas facultades capaz de seguir abordando grandes proxectos musicáis.

No sur de Galicia atópase o Coro Liceu Casino de Vilagarcía, fundado no ano 1981, un coro moito máis recente, dunha gran proxección, outro dos coros galegos que merece o recoñecemento a súa labor e o seu empeño por cultivar todo tipo de xéneros musicáis, destacando a música sinfónico-coral galega, á Ópera e á Zarzuela interpretada en distintos escenarios de España e Portugal.

Esta masa coral esta formada por verdadeiros entusiastas pola música coral pero temos que destacar o gran esforzo e vo facer do matrimonio Orcajo-Guerra que o longo de todo este tempo souperon levar a formación polo camiño máis corto ó punto máis alto.

Esta xira de concertos, marzo do 2009, está patrocinada integramente pola Deputación da Coruña, Comenzará o videro día 13 marzo na Universidade Laboral (Culleredo), día 14 na Igrexa de San Francisco (Betanzos), día 15 no Teatro Jofre (Ferrol) e finaliza o día 16 no Teatro Colón de A Coruña. A entrada e libre ata completar aforo con invitación da propia Deputación que deberán ser trocadas nas taquillas dos teatros.

Todos os concertos comenzarán ás 20:30 h.

Teléfono de contacto: 609 767 727

Culleredo, 9 de marzo de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.